

Recurso nº 67/2018**Resolución nº 54/2018****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 3 de agosto de 2018.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por B.S.P. actuando en nome e representación de SENIOR SERVICIOS INTEGRALES, S.A. contra os anuncios e os pregos reitores da licitación, polo Concello de Vigo, dun contrato de servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais Tomás Alonso e Bouzas, expediente 21847-332, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adelante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Concello de Vigo convocouse a licitación do contrato de servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais Tomás Alonso e Bouzas, cun valor estimado declarado de 2.624.055,90 euros, dividida en dous lotes.

Tal licitación foi obxecto de publicación en DOUE e na Plataforma de contratación do sector público na data do 20.07.2018.

Segundo.- O expediente da licitación recolle que a mesma estivo sometida á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Terceiro.- En data 01.08.2018 SENIOR SERVICIOS INTEGRALES, S.A. (SENIOR en adelante) interpuxo recurso especial en materia de contratación contra os

anuncios e os pregos reitores da licitación, polo Concello de Vigo, dun contrato de servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais Tomás Alonso e Bouzas, a través sede electrónica da Xunta de Galicia.

Cuarto.- Con data 02.08.2018 reclamouse ao Concello de Vigo o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP).

Quinto.- En data 03.08.2018, a través da sede electrónica, SENIOR formulou desistencia expresa respecto do citado recurso especial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- Dadas as datas descritas, o recurso presentouse dentro do prazo de 15 días hábiles que establece o artigo 50 LCSP.

Cuarto.- En canto á impugnabilidade dos actos recorridos, está expresamente prevista no artigo 44.2.a) LCSP. Por razón do contía, a licitación resulta susceptible de recurso especial, segundo establece o artigo 44.1.a) LCSP.

Quinto.- Procede analizar a consecuencia xurídica do escrito de desistencia do recurso sobre o procedemento iniciado en virtude del.

A LCSP non prevé de modo expreso a desistencia do recorrente como medio de terminación do procedemento do recurso especial, polo que debemos acudir á regulación que sobre tal materia se contén na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, toda vez que o

artigo 56.1 LCSP dispón esa remisión legal expresa: *“O procedemento para tramitar os recursos especiais en materia de contratación rexerase polas disposicións da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, coas especialidades que se recollen nos apartados seguintes”.*

Neste sentido, o artigo 84.1 da citada Lei 39/2015 establece que *“Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.”*

En canto á desistencia, o artigo 94 da Lei 39/2015 dispón:

“1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará aqueles que a formularon.

3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.

5. Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entraña interese xeral ou é conveniente tramitala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.”

No suposto analizado se ha de concluír que se dan as condicións necesarias para a admisión da desistencia. Polo tanto, procede admitila de plano, coa conseguinte conclusión deste procedemento.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Aceptar a desistencia** presentada pola entidade SENIOR SERVICIOS INTEGRALES, S.A. contra os anuncios e pregos reitores da licitación, polo Concello de Vigo, do contrato de servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais Tomás Alonso e Bouzas, expediente 21847-332, e declarar concluído o procedemento.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.